

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 26 de xuño de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-254 (Ponteareas) e PO-262 (Mondariz), de clave PO/25/091.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto. Actuación susceptible de ser cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do programa Galicia Feder 2021-2027.

A Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, recolle no seu artigo 6.2 aqueles elementos que teñen a consideración de elementos funcionais da estrada, entre os que se atopan os espazos destinados a sendas para peóns ou para a circulación de ciclistas. Así mesmo, o Consello da Xunta de Galicia aprobou o 6 de maio de 2024 a Estratexia Galega de Mobilidade, cuxo obxectivo é analizar e planificar en todo o seu conxunto a mobilidade na Comunidade Autónoma de Galicia e adaptala aos retos da sociedade do futuro en materia de mobilidade sostible.

Mediante a Resolución da directora da Axencia Galega de Infraestruturas do 25 de xuño de 2026 aprobouse provisionalmente o proxecto referido, que se tramitará segundo o disposto na Lei 8/2013 e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Someter ao trámite de información pública o proxecto de construción: fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-254 (Ponteareas) e PO-262 (Mondariz), de clave PO/25/091.06, nos concellos de Mondariz e Ponteareas (Pontevedra); para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular, por escrito dirixido á Axencia Galega de Infraestruturas, as alegacións que crean convenientes relativas á concepción global da actuación e das distintas alternativas analizadas, se é o caso, de acordo co disposto no artigo 21.1 da Lei 8/2013 e no artigo 50 do Decreto 66/2016.

CVE-DOG: iudxakt2-iq15-x8m0-hm83-wcgufcw0uig5



Segundo. Someter ao trámite de información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto, descritos na relación anexa, para que calquera persoa poida achegar por escrito a rectificación dos posibles erros da relación publicada ou opoñerse á necesidade da ocupación. Neste caso, indicará os motivos polos que deba considerarse preferente a ocupación doutros bens ou a adquisición doutros dereitos distintos aos da relación ao fin que se persecue, de acordo co disposto nos artigos 17, 18 e 19 da Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa.

Terceiro. O prazo para presentar alegacións será de trinta (30) días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, nas casas dos concellos de Mondariz e Pontearreas; e na páxina web da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: iudxakt2-iq15-x8m0-hm83-wcgufcw0uig5





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Fomento da mobilidade sostible. Itinerario peonil e ciclista na PO-254 (Ponteareas) e PO-262 (Mondariz)
Clave: PO/25/091.06

Concello de Ponteareas.

Nº	Letra	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descrición
1		36042A10208003	102	8003	En investigación	---	Rural	62				
2	b	36042A10208002	102	8002	José Antonio Giménez Barros (hrdos.)	***8827**	Rural	5				
					Elvira Zúñiga Corredoura (hrdos.)	***8993**						
3	b	36042A10400810	104	810	Julio Gómez Rodríguez	***2624**	Rural	11				
					María Teresa González Rodríguez	***1101**						
4		36042A10400147	104	147	Montserrat Cuevas Pérez	***9017**	Rural	17				
					Iria Cuevas Rodríguez	***0341**						
5		36042A10400149	104	149	Mercedes Márquez Sequeiros (hrdos.)	***0271**	Rural	6,00				
6		36042A10400153	104	153	José Antonio Vázquez Covelo	***4591**	Rural	17				
7		36042A10400157	104	157	Antonio Portugués Suárez	***6041**	Rural	6,00		15	ml	Muro de pedra + celosía formigón
8		36042A10400158	104	158	José Manuel Pino Pérez	***8798**	Rural	26				
9		36042A10400160	104	160	Manuel Rodríguez Monteiro	***8721**	Rural	42				
10		36042A10600595	106	595	José Luis González Mariño	---	Rural	44				
11		36042A13000378	130	378	En investigación	---	Urbanizado	6				
12		36042A13001530	130	1530	David Sanmartín Figueroa	***3064**	Urbanizado	18				





Nº	Letra	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descripción
13	a	36042A13000376	130	376	María Carmen Codeseda Fernández	***5347**	Urbanizado	12				
					Herculina Fernández Rodríguez	***0735**						
					Óscar Otero Codeseda	***7718**						
14	b	36042A13000374	130	374	Pilar Mouriño Lorenzo	***8839**	Urbanizado	26	11	14	ml	Muro de bloque
15		36042A13002006	130	2006	En investigación	---	Rural	31	8			
16		36042A13000369	130	369	José Luis Sampedro Fernández	***8853**	Rural	32	12	5	ml	Muro de bloque
					Alicia Sampedro Fernández	***9032**				14	ml	Peches de arameado + sebe
17		36042A13300718	133	718	María Luz Álvarez Fernández	***5744**	Urbanizado	18				
18		36042A13305008	133	5008	En investigación	---	Urbanizado	22				
19	c	36042A13300408	133	408	Elvira Barros Cuña	***4563**	Urbanizado	25				
20		36042A13300241	133	241	Nieves Rodríguez Lage	***2622**	Rural	60				
21		36042A13300239	133	239	María Luisa Carrera Sampedro	***2604**	Rural	5				
22		36042A13300231	133	231	Benjamín Rodríguez Novoa (hrdos.)	***2812**	Rural	43				
23		36042A13300230	133	230	Pablo Abril Iglesias (hrdos.)	***0714**	Rural	25				
24	c	36042A13400001	134	1	Daniel Abril Blanco	***9391**	Urbanizado	7	66	21	m3	Afección parcial construción (garaxe/galpón)
										1	ud	Porta de madeira
25	a	36042A13400040	134	40	Carmen Arjones Carreira	***6913**	Urbanizado	3				
					Felipe de la Hoz Deza (hrdos.)	***9624**						
26	a	36042A10700012	107	12	Jurandir Leal Lage	***6355**	Urbanizado	3				
					María Jesús Lage Leal	***6729**						





Nº	Letra	Referencia catastral	Políg.	Parc.	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Expropiación m²	Ocupación temporal m²	Bens afectados		
										Cant.	Ud.	Descrición
27	a	36042A10700013	107	13	Daniel Abril Blanco	***9391**	Urbanizado	7				
28		36042A10800011	108	11 11	Adriano Alfredo Táboas Carrera	***2607**	Rural	25 25				
					Digna Lorenzo Alfaya	***6010**						
29	b	36042A10800067	108	67	Emilia Rodríguez Lage	***8998**	Urbanizado	7				
30	a	36042A10800068	108	68	María Rosa Lage Lage	***9311**	Urbanizado	11 11 11		16	ml	Muro de pedra + aramado
										2	ud	Porta metálica
										20	ml	Muro de bloque + aramado (situado en dominio público da estrada)
31		36042A10800105	108	105	En investigación	---	Rural	17				
32		36042A10800106	108	106	Alfredo Rodríguez Sequeiros (hrdos.)	***8495**	Rural	22				
33		36042A10800107	108	107	María Alsira Fernández Redondo	***8532**	Rural	35				
34		36042A10800085	108	85	Palmira Arjones Torres (hrdos.)	---	Rural	6				
35		36042A10800286	108	286	Diocese de Tui Vigo	R3600056J	Rural	52				
P-1		36042A13009106	130	9106	Concello de Ponteareas	P3604200J	Rural		25			